

BLAS ESPÍN: COLECTIVO POÉTICO

No ano 1992, ó abeiro da Asociación Xuvenil PX, nace na Ponte do Porto o colectivo poético "Blas Espín" que engloba a 15 poetas novos da Costa da Morte: Xosé Manuel Caamaño, Dolores Devesa, Mónica Estévez, Santiago Ferrín López, Miguel Hermida, Rafael Lema, Xosé Manuel Lema, Xabier Lema Martínez, Andrés López Figueiras, Abel Méndez Bujeiro, Sonia Muñoz, Arturo Regueiro, Eduardo Reimundez, Xandra Tedín Mouzo e Xaime Trillo.

O colectivo xurde cando Xosé Manuel Lema -poeta premiado desde moi novo- coincide, no Instituto de Bacharelato de Vimianzo, con varias persoas que tamén cultivan a poesía e lle propoñen a Rafael Lema, presidente da asociación PX, editar unha revista poética aberta a autores noveis. Así confórmanse en colectivo e toman o nome de Blas Espín, prateiro barroco nacido na Ponte do Porto. Sete son os membros fundacionais en 1992 pero o seu número foi aumentando ata os quince da actualidade.

Teñen sido galardonados con multitude de premios «menores». No 1993 Xosé Manuel Lema queda segundo no certame que convoca o I.B. "Francisco Aguiar" de Betanzos e no 1994, Xandra Tedín, Xosé Manuel Lema e Abel Méndez gañaron tres dos catro premios en galego do mesmo. A estes certames menores temos que sumar o Accesit do Premio Esquíu de Poesía en 1993 que acada Arturo Regueiro con *Cartografías*¹ e o Primeiro Premio de Poesía Espiral Maior para Rafael Lema por *Cemiterio das gaivotas*². Con obra individual publicada só conta, ademais dos anteriores, Xosé Manuel Lema: *Os dentes da noite*³.

Entre as actividades do colectivo poético destaca a celebración dunha media de sete recitais ó ano e tres presentacións de libros, ademais da publicación dunha gaceta literaria semestral que vai no número cinco. Contan tamén cunha editora propia que, de momento, só tirou un libro -*Os versos do último torreiro*⁴ de Rafael Lema- e prepara as seguintes publicacións: *Versos de amor no outono* de Xosé Manuel Lema e un volume colectivo do grupo. Para publicar na Editorial Blas Espín é requisito imprescindible ter gañado o premio de poesía "VIR FLUVIUS" -nome romano do río da Ponte do Porto- que convocan por maio. O certame está aberto a todo aquel que queira participar cun poema, ou grupo deles, de 100 versos, en galego e con tema e

¹ Colección Esquíu de Poesía, Ferrol, 1994.

² Espiral Maior, A Coruña, 1993.

³ Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1994.

⁴ Edicións Blas Espín, (Ponte do Porto), 1994.

métrica libres. O premio consiste nun óleo. O certame vai pola súa octava edición e ten a seguinte nómina de gañadores:

ANO	GAÑADOR
1987	X. Gallego Pereira
1988	Colectivo 6º EXB C.P. Ponte do Porto
1989	Xosé Manuel Lema Mouzo
1990	Irene Lema
1991	<i>Ex aequo</i> : Santiago Ferrín Xabier Lema Martínez
1992	Xaime Trillo
1993	Abel Méndez
1994	Xandra Tedín

Igualmente, convocan un Premio de Poesía "BLAS ESPÍN" concedido a un poemario completo. De momento, só se leva outorgado, no 1992, a Xosé Manuel Lema por *Os dentes da noite*.

Todos se confesan devotos do romantismo inglés e alemán, misturado con sentimentos nacionalistas focalizados na Costa da Morte e moito intimismo, como se desprende do manifesto que publican no número 3 da súa revista e que reproducimos

TOMA OS MEUS VERSOS NO CORAZÓN DO OUTONO E FAIOS MEDRAR CO CALOR DO TEU CORPO:

BLAS ESPÍN é algo mais ca un club poético, Blas Espín é unha alternativa unha revolución constante, nacionalista ata a médula ata o resollo. Blas Espín é unha enfermidade incurable, un mal sono, é a tradición dun país milenar envolta no soño do futuro. Creación, creación, creación, ata mancharse de sangue, ata descubri-lo coiro do pelexo, ata o paroxismo e o éxtase amoroso, ata o clítoris, a metáfora imposible. Alonxádevos de nos, non vos contamine o noso mirar perverso, o noso camiñar por sendeiros malditos onde non hai auga nin florecen os toxos. Non nos mencionedes no interior do templo, no concello, na escola, na praza do pobo ou na feira. Só os mais valentes de entre os humanos poden seguirmos.

VITALISMO: Natural como un respiro, pero tamén resollamos con símbolos e imaxes e co aire dos mortos. Escribindo da vida. E da angustia, ilusión do soño.

SINCRETISMO: O anarquismo do caos humano de fin de século e a orde do universo. O xogo, o desencanto e o trauma. O diaño burleiro dorme no regazo de Santa Bárbara cando trona.

SURREALISMO: A metáfora perfecta, a procura do soño, escadas o vacío, liberdade creadora ruptura o sacrificio no catasol dos druidas. ¡Oh capitán, meu capitán!

CLUB POÉTICO BLAS ESPIN

ARTE ALTERNATIVO

Ponte do Porto, outono do ano noventa e dous⁵

E agora, damos paso á súa voz. Que se manifeste a súa liberdade verbal e telúrica invadíndonos do vitalismo natural de Blas Espín e nos turbe a súa «mirada perversa».

TERESA SEARA

Gume, 1, 1995, pp. 60-61

⁵ *Blas Espín*, nº 3, outono-inverno 1992.